



ENTROIDO 2023

"DEUSES e DEUSAS DA NATUREZA"


Bo día

O entroido está a volta da esquina polo que comecemos...

Este ano o tema do cole é a natureza, e a elección dos peques foi a de **"Deuses e Deusas da natureza"**.

Falando ANPA e cole, e respectando a decisión dos nenos e nenas, decidimos que a idea sexa esta que mostramos, con dous modelos para que se poidan elixir. Cada neno, nena e familiar, decidirá se quere ir dunha cousa ou de outra.

DEUS OU DEUSA DA NATUREZA



FAUN@



Deusas e Deuses da natureza

Contaría dunha casaca ou túnica verde (co patrón que se mostra) de raso carnaval ou de tela de punto low cost. Como accesorio faríamos un cinturón para poñer as ramas e follas colgando facendo o efecto da foto.

Despois tamén se levaría unha perruca verde (aínda por decidir se comprada ou feita) con decorado.

Faun@s

Consta de leggings marróns e polaina (pantalón) de peluche marrón e chaleco.
E uns cornos de rama

Este sería un resumo que detallaremos con máis exactitude nos próximos días.

En breve voltaremos enviar nota coa información do custe do material para facer cada un dos disfraces e para que poidades anotar o número de disfraces para cada membro da familia que se queira anotar (voluntariamente por suposto).

Grazas e bo día